



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 1

VII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 18 de xullo de 2005

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Dolores Villarino Santiago

ORDE DO DÍA

- Punto único.-** Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia
- . Constitución da Mesa de Idade
 - . Elección da Mesa do Parlamento
 - . Constitución da Mesa do Parlamento
 - . Promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia

O señor oficial maior comunícalle á Cámara os integrantes da Mesa de Idade, que son: o deputado de maior idade, don Manuel Fraga Iribarne, e os dous deputados máis novos, dona Ana Belén Pontón Mondelo e don Xosé Manuel Lage Tuñas, e rógalles que ocupen os seus postos na Presidencia co fin de constituír a Mesa de Idade. (Páx. 4.)

(O señor Fraga Iribarne, a señora Pontón Mondelo e o señor Lage Tuñas ocupan os seus postos na Presidencia.)

Ábrese a sesión ás once e dous minutos da mañá.

Constitución da Mesa de Idade

O señor presidente declara aberta a sesión, e rógalle á señora secretaria que dea lectura ao decreto de convocatoria e á relación de deputados electos, así como aos recursos contencioso-electorais interpostos. (Páx. 4.)

A señora secretaria da Mesa de Idade (Pontón Mondelo) le o decreto de convocatoria e a relación de deputados electos. (Páx.)

O señor presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) pronuncia un breve discurso. (Páx. 5.)

Elección da Mesa do Parlamento

Elección de presidente

O señor presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) explica o procedemento que hai que seguir para esta elección e rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 5.) A señora secretaria (Pontón Mondelo) procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 5.)

Votación: dona Dolores Villarino Santiago, 38 votos; don Xaime Pita Varela, 37 votos. (Páx. 6.)

En consecuencia, queda proclamada presidenta, cos votos requiridos da maioría absoluta, dona Dolores Villarino Santiago. (Páx. 6.)

Elección de vicepresidentes

O señor presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) explica o procedemento para esta elección e rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 6.) A

señora secretaria (Pontón Mondelo) fai o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 6.)

Votación: dona Tereixa Paz Franco, 38 votos; don Xaime Pita Varela, 37 votos. (Páx. 6.)

En consecuencia, queda proclamada vicepresidenta primeira dona Tereixa Paz Franco e vicepresidente segundo don Xaime Pita Varela. (Páx. 6.)

Elección de secretario e de vicesecretario

O señor presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) explica o procedemento para esta elección e rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 6.) A señora secretaria (Pontón Mondelo) fai o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 6.)

Votación: don Pablo Xabier López Vidal, 38 votos; don Xosé Manuel Baltar Blanco, 37 votos. (Páx. 6.)

En consecuencia, queda proclamado secretario don Pablo Xabier López Vidal e vicesecretario don Xosé Manuel Baltar Blanco. (Páx. 6.)

Constitución da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade (Fraga Iribarne) rógalles ás señoras e aos señores deputados que pasen a ocupar os postos para os que foron elixidos. (Páx. 6.)

(Os membros da Mesa do Parlamento ocupan os seus postos na Presidencia.)

Promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia

Para dar cumprimento ao artigo 5 do Regulamento, en primeiro lugar prestan o seu xuramento ou promesa a señora presidenta e os demais membros da Mesa e, a continuación, por orde alfabética, os demais deputados e deputadas. (Páx. 7.)

A señora presidenta diríxelle á Cámara as súas primeiras verbas para expresar a súa solidariedade coas vítimas dos atentados e a súa repulsa do terrorismo e de calquera forma de violencia, así como o sentir da Cámara polas vítimas en Castela-A Mancha a consecuencia dos incendios forestais. Agradece especialmente ao señor Pérez Touriño a confianza depositada nela para o seu cargo de presidenta e tamén o apoio do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Finalmente, compromete todo o seu esforzo na busca do diálogo e do entendemento como sistema de traballo e invita a todos a facer da tolerancia, do respecto e da xustiza os piares fundamentais do labor desta lexislatura, e declara constituído o Parlamento de Galicia na súa VII lexislatura. (Páx. 8.)

Todas as señoras e señores deputados, postos en pé, cantan o himno galego.

Remata a sesión ás doce e trinta minutos do mediodía.

O señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA (Cólera Leirado): Señorías, rógolles que ocupen os seus escanos. Así mesmo, rógolles tamén que apaguen os seus móbiles.

CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

O señor OFICIAL MAIOR DO PARLAMENTO DE GALICIA (Cólera Leirado): Verificadas as declaracións presentadas por cada un dos deputados e deputadas proclamados electos, resulta ser o deputado electo de maior idade don Manuel Fraga Iribarne e os deputados máis novos dona Ana Belén Pontón Mondelo e don José Manuel Lage Tuñas. Prégolles que ocupen os seus postos na Presidencia da Cámara. *(O señor Fraga Iribarne, a señora Pontón Mondelo e o señor Lage Tuñas pasan a ocupar os seus postos na Presidencia.)*

Ábrese a sesión ás once e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne): Señorías e señores deputados, ábrese a sesión.

Rógolle á señora secretaria, dona Ana Belén Pontón Mondelo, que dea lectura aos artigos 3.º e 5.º e á disposición derradeira do decreto de convocatoria, á relación de deputados e deputadas electos, así como á comunicación sobre os recursos contencioso-electorais interpostos.

A señora SECRETARIA DA MESA DE IDADE (Pontón Mondelo): Grazas.

Decreto 77/2005, do 25 de abril, de disolución do Parlamento de Galiza e de convocatoria de eleccións

“Artigo 3.º

En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, de eleccións ao Parlamento de Galiza, o número de deputados correspondentes a cada circunscrición é o seguinte:

A Coruña: vinte e catro.

Lugo: quince.

Ourense: catorce.

Pontevedra: vinte e dous.

Artigo 5.º

Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a Cámara resultante reunirase para a súa sesión constitutiva o día 18 de xullo do 2005 ás once horas.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

Resolución do 11 de xullo de 2005, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galiza celebradas o día 19 de xuño de 2005:

“A relación de deputados e deputadas proclamados electos por cada unha delas é a seguinte:

Provincia da Coruña.

Polo Partido Popular: Manuel Fraga Iribarne, Carlos Negreira Souto, Ángel Bernardo Tahoces, María Marta Cerdido Pintos, José Antonio Orza Fernández, Jaime Alberto Pita Varela, Manuel Santos Ruíz Rivas, Alberto Sueiro Pastoriza, José Manuel Castela Bragaña, Diego Calvo Pouso, Beatriz Mato Otero.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce, Luis María Tojo Ramallo, María del Mar Barcón Sánchez, Francisco Julio Cerviño González, María Soledad Soneira Tajés, José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín María Fernández Leiceaga.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Anxo Manuel Quintana González, Ánxela Bugallo Rodríguez, Carlos Ignacio Aymerich Cano, Ana Belén Pontón Montelo, Carlos Fernando Blanco Parga.

Provincia de Lugo.

Polo Partido Popular: José Manuel Barreiro Fernández, Manuela López Besteiro, Agustín Baamonde Díaz, María Susana López Abella, Dámaso López Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Jaime Castiñeira Broz, Carmen Janet Salgado Núñez.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Ricardo Jacinto Varela Sánchez, María de la Concepción Burgo López, Ismael Rego González, Margarita Pérez Herráiz, José Tomé Roca.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Fernando Xabier Blanco Álvarez, M^a Xosé Vega Buján.

Provincia de Ourense.

Polo Partido Popular: María Amparo González Méndez, José Manuel Baltar Blanco, Miguel Ángel Santalices Vieira, Roberto Castro García, Antonio Rodríguez Miranda, María Luisa Valladares Rodríguez, Aurelio Domingo Miras Portugal, Maximino Rodríguez Fernández.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Manuel Vázquez Fernández, Laura Carmen Seara Sobrado, Pablo Xabier López Vidal, María Carmen Acuña do Campo.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María Tereixa Paz Franco.

Provincia de Pontevedra.

Polo Partido Popular: Alberto Núñez Feijoo, Pilar Milagros Rojo Noguera, Enrique César López Veiga, Jesús Carlos Palmou Lorenzo, José Cuiña Crespo, Marta Rodríguez Arias, Ignacio Javier López-Chaves Castro, José Fervenza Costas, César Augusto Pérez Ares, Alejandro Gómez Alonso.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Emilio Pérez Touriño, Abel Fermín Losada Álvarez, María Dolores Villarino Santiago, Modesto Pose Mesura, María Carmen Gallego Calvar, Guillermo Antonio Meijón Couselo, María del Carmen Cajide Hervés, José Manuel Gallego Lomba.

Polo Bloque Nacionalista Galego: María do Carme Adán Villamarín, Bieito Lobeira Domínguez, María Carmen da Silva Méndez, Xosé Ramón Paz Antón.”

E polo presente infórmase, ao abeiro da lexislación electoral vixente, de que ata as quince horas do día da data non tivo entrada na Oficina do Rexistro e Notificacións deste Tribunal de Xustiza de Galiza ningún recurso contencioso

electoral, o cal se pon no seu coñecemento para os efectos legais pertinentes.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

Señoras e señores deputados, hai aquí a previsión dun breve discurso. Eu só lles quero recordar os artigos 9 e 10 a 14 do Estatuto de Galicia, que dan a este acto unha relevancia especial pola transcendencia das funcións que imos asumir como membros do Parlamento de Galicia.

O meu grupo tiña o propósito –que non foi aceptado polos outros grupos– de facer neste momento un minuto de silencio en recordo dos once traballadores mortos onte no incendio neste ano de seca. Que quede constancia de cal era a nosa vontade.

ELECCIÓN DA MESA DO PARLAMENTO

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

Despois de dicir isto, pido ao señor oficial maior que proceda ao reparto das papeletas. *(Pausa.) (Repártense as papeletas.)*

Elección de presidente

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

Como saben, vaise proceder á elección do presidente ou da presidenta en primeiro lugar, para o cal se utilizarán papeletas de cor branca, de modo que a señora Pontón Mondelo, na primeira votación –son tres votacións–, irá facendo o chamamento das señoras e dos señores deputados para que estes se acheguen e depositen na urna as papeletas de cor branca.

Rógolle á señora secretaria, dona Ana Belén Pontón Mondelo, que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que estes se acheguen e depositen na urna as papeletas de cor branca cun só nome.

Comeza a votación.

(A señora secretaria, Pontón Mondelo, procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

¿Queda algún deputado ou deputada sen facer uso do seu

dereito ao sufraxio? *(Pausa.)* Se non é así, procederase ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: dona Dolores Villarino Santiago, 38 votos; don Jaime Pita Varela, 37 votos.

Dona María Dolores Villarino Santiago obtivo a maioría absoluta e, por conseguinte, queda proclamada presidenta do Parlamento. *(Aplausos.)*

Elección de vicepresidentes

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

Recórdolles que para a elección de vicepresidentes ou vicepresidentas a papeleta que corresponde é a de cor amarela e que non se debe escribir máis dun nome. Resultarán elixidos os dous deputados ou deputadas que acaden maior número de votos.

Rógolle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento.

Comeza a votación.

(A señora secretaria da Mesa de Idade, Pontón Monde-lo, procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

¿Queda algún deputado ou deputada sen facer uso do seu dereito ao sufraxio? *(Pausa.)* Se non é así, procederase ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación queda así: dona Tereixa Paz Franco, 38 votos; don Xaime Pita Varela, 37 votos.

Polo tanto, queda proclamada vicepresidenta primeira dona Tereixa Paz Franco e vicepresidente segundo don Xaime Pita Varela. *(Aplausos.)*

Elección de secretario e de vicesecretario

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

Lémbrolles agora, para a última destas eleccións que queda, a de secretario ou secretaria e a de vicesecretario ou vicesecretaria, que corresponde introducir a papeleta de cor verde e que non deben de asignar máis dun nome. Resultarán elixidos os dous deputados ou deputadas que acaden o maior número de votos.

Rógolle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento.

Comeza a votación.

(A señora secretaria da Mesa de Idade, Pontón Monde-lo, procede a efectuar o correspondente chamamento das señoras e señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

¿Algún deputado ou deputada queda sen facer uso do seu dereito ao voto? *(Pausa.)*

Procedemos ao escrutinio.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O resultado da votación é o seguinte: don Pablo Xabier López Vidal, 38 votos; don Xosé Manuel Baltar Blanco, 37 votos.

En consecuencia, quedan proclamados respectivamente secretario e vicesecretario da Mesa do Parlamento. *(Aplausos.)*

CONSTITUCIÓN DA MESA DO PARLAMENTO

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Fraga Iribarne):

Como consecuencia de todo o actuado, doulles conta de como queda constituída a Mesa do Parlamento galego: presidenta, dona María Dolores Villarino Santiago; vicepresidenta primeira, dona María Tereixa Paz Franco; vicepresidente segundo, don Xaime Pita Varela; secretario, don Pablo Xabier López Vidal; e vicesecretario, don Xosé Manuel Baltar Blanco.

Rógolles que veñan tomar posesión dos seus cargos, para os que foron elixidos polo Pleno do Parlamento. *(Os mem-*

bros da Mesa do Parlamento ocupan os seus postos na Presidencia.)

PROMESA OU XURAMENTO DE ACATAR A CONSTITUCIÓN E O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

A señora PRESIDENTA (Villarino Santiago): Señorías, dando cumprimento ao previsto no artigo 5 do Regulamento da Cámara e como presidenta electa, procedo a prestar e solicitar dos demais deputados e deputadas o xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia, recordándolles que, segundo o procedemento da Cámara, a fórmula é a de contestar “sí, xuro” ou “sí, prometo” á petición de acatar e gardar fidelidade que fará esta Presidencia.

Señoras e señores deputados, ante o pobo de Galicia representado aquí polo seu Parlamento, eu prometo acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

Señora vicepresidenta primeira, dona María Tereixa Paz Franco, ¿xura ou promete acatar e gardar e fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VICEPRESIDENTA PRIMEIRA (Paz Franco): Si, prometo

A señora PRESIDENTA: Señor vicepresidente segundo, don Xaime Pita Varela, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO (Pita Varela): Si, xuro.

A señora PRESIDENTA: Señor secretario, don Pablo López Vidal, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor SECRETARIO (López Vidal): Si, prometo

A señora PRESIDENTA: Señor vicesecretario, don Xosé Manuel Baltar Blanco, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor VICESECRETARIO (Baltar Blanco): Si, xuro.

A señora PRESIDENTA: De seguido, o secretario, señor López Vidal, fará o chamamento das señoras e dos señores

deputados para que, desde o propio escano, contesten a pregunta que lles formula a Presidencia.

Señoras e señores deputados, ¿xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor SECRETARIO: Moitas grazas, señora presidenta.

Acuña Docampo, María Carmen: Si, prometo.

Adán Villarmarín, María do Carme: Si, prometo.

Aymerich Cano, Carlos Ignacio: Si, prometo.

Baamonde Díaz, Agustín: Si, prometo.

Balseiro Orol, José Manuel: Si, prometo.

Barcón Sánchez, María del Mar: Si, prometo.

Barreiro Fernández, José Manuel: Si, xuro.

Bernardo Tahoces, Ángel: Si, xuro.

Blanco Parga, Carlos Fernando: Si, prometo.

Blanco Álvarez, Fernando Xabier: Si, prometo.

Bugallo Rodríguez, Ánxela: Si, prometo.

Burgo López, María Concepción: Si, prometo.

Cajide Hervés, María del Carmen: Si, prometo.

Calvo Pouso, Diego: Si, xuro.

Castelao Bragaña, José Manuel: Si, juro.

Castiñeira Broz, Jaime: Si, xuro.

Castro García, Roberto: Si, xuro.

Cerdido Pintos, María Marta: Si, xuro.

Cerviño González, Francisco Julio: Si, prometo.

Cuiña Crespo, José: Si, xuro.

Da Silva Méndez, M^a Carmen: Si, prometo.

Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Si, prometo.

Fervenza Costas, José: Si, xuro.

Fraga Iribarne, Manuel: Si, xuro.

Gallego Calvar, María Carmen: Si, prometo.

Gallego Lomba, José Manuel: Si, prometo.

Gómez Alonso, Alejandro: Si, xuro.

González Méndez, María Amparo: Si, xuro.

Laje Tuñas, José Manuel: Si, prometo.

Lobeira Domínguez, Bieito: Si, prometo.

López Besteiro, Manuela: Si, xuro.

Lopez Abella, María Susana: Si, xuro.

López Rodríguez, Dámaso: Si, xuro.

López Veiga, Enrique César: Si, prometo.

López Chaves-Castro, Ignacio Javier: Si, xuro.

Losada Álvarez, Abel Fermín: Si, prometo.

Mato Otero, Beatriz: Si, xuro.

Meijón Couselo, Guillermo Antonio: Si, prometo.

Méndez Romeu, José Luis: Si, prometo.

Miras Portugal, Aurelio Domingo: Si, prometo.
Negreira Souto, Carlos: Si, prometo.
Núñez Feijoo, Alberto: Si, prometo.
Orza Fernández, José Antonio: Si, prometo.
Palmou Lorenzo, Jesús Carlos: Si, prometo.
Paz Antón, Xosé Ramón: Si, prometo.
Pérez Ares, César Augusto: Si, xuro.
Pérez Herráiz, Margarita: Si, prometo.
Pérez Touriño, Emilio: Si, prometo.
Pontón Mondelo, Ana Belén: Si, prometo.
Pose Mesura, Modesto: Si, prometo.
Quintana González, Anxo Manuel: Si, prometo.
Rego González, Ismael: Si, prometo.
Rodríguez Miranda, Antonio: Si, xuro.
Rodríguez Fernández, Maximino: Si, xuro.
Rodríguez Arias, Marta: Si, xuro.
Rojo Noguera, Pilar Milagros: Si, prometo.
Ruiz Rivas, Manuel Santos: Si, xuro.
Salgado Núñez:, Carmen Janet Si, prometo.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si, xuro.
Seara Sobrado, Laura Carmen: Si, prometo.
Sestayo Doce, Beatriz: Si, prometo.
Soneira Tajés, María Soledad: Si, prometo.
Sueiro Pastoriza, Alberto: Si, xuro.
Tabarés Pérez Piñeiro, Iago: Si, xuro.
Tojo Ramallo, Luis María: Si, prometo.
Tomé Roca, José: Si, prometo.
Valladares Rodríguez, María Luisa: Si, prometo.
Varela Sánchez, Ricardo Jacinto: Si, prometo.
Vázquez Fernández, Manuel: Si, prometo.
Vega Buján, María Xosé: Si, prometo.

A señora PRESIDENTA: Quero que as miñas primeiras verbas como presidenta do Parlamento de Galicia sexan de solidariedade coas vítimas do cruel atentado da pasada semana, expresando a miña repulsa cara a calquera forma de violencia. Non hai idea, crenza ou convicción que permita xustificar o uso da forza e da violencia para impoñer o que libremente os cidadáns temos capacidade de elixir e de decidir. Temos voz propia e expresámonos democraticamente, sen fundamentalismos e sen radicalismos.

Quero tamén –ademais estou segura de recoller o sentimento da Cámara e da sociedade galega– expresar a dor pola traxedia vivida nestes días en Castela-A Mancha como consecuencia dos incendios forestais que provocaron xa vítimas

mortais. Isto é tamén –os incendios– unha permanente preocupación na nosa Comunidade Autónoma. Polo tanto, nós somos sensibles –e máis sensibles seguramente que noutros lugares de España– con esta traxedia. Mandemos, e mandamos –eu en primeiro lugar–, a solidariedade de toda a Cámara –entendo– ás familias e ás vítimas.

Quixera tamén agradecerlles profundamente a todos os galegos e as galegas o seu comportamento cívico do pasado 19 de xuño, no que se deu un exemplo de participación democrática a favor do cambio. Permítanme agradecerlle especialmente ao señor Pérez Touriño, do Grupo Parlamentario Socialista, o feito de propoñerme como presidenta da Cámara, honor que asumo cun enorme sentido da responsabilidade e con moito orgullo, porque sei que hoxe estamos facendo historia. Fago extensiva esta gratitude ao Grupo Parlamentario do BNG polo seu apoio. Estamos facendo historia porque por vez primeira unha muller ostentará este cargo nun claro afán por materializar de forma activa e efectiva o importantísimo papel das mulleres no espazo público. A paridade non é só cuantitativa, senón que a nosa mirada debe ir máis aló. O fin da paridade estará nun cambio de actitudes e valores respecto da distribución social dos sexos.

Desenvolverei o meu labor consciente da responsabilidade enorme que me toca exercer, e comprometo o meu esforzo a buscar sempre a vía do diálogo, da negociación ou do entendemento como unha forma de desempeñar as tarefas públicas que se me encomendan, porque niso é no que creo. Comprometo unha posición activa e firme na defensa da dignidade desta Cámara e dos dereitos de todos os parlamentarios e parlamentarias.

Invítoos, señores deputados e señoras deputadas, a converter esta Cámara nun foro político de debate e de deliberación respectuosa, no lugar onde xerminen os proxectos e as ideas. Rógolles que sexan conscientes do momento histórico que vive Galicia, e espero contar coa colaboración leal de todos e cada un dos deputados e deputadas desta Cámara. Faremos –intentaremos facelo, e será un obxectivo prioritario– desta Cámara que sexa o principal foro das inquietudes dos cidadáns de Galicia. Aínda que non figure expresamente en ningún artigo do Regulamento desta Cámara, fagamos da tolerancia, do respecto e da xustiza os piares fundamentais do noso labor político durante esta lexislatura.

En cumprimento do artigo 5 do Regulamento, declaro constituído o Parlamento de Galicia na súa VII lexislatura; constitución que será comunicada de inmediato ao rei, ao Senado, ao presidente en funcións da Xunta de Galicia e ao presidente do Goberno da nación.

Remata a sesión. *(Aplausos.)*

Agora cantaremos o himno galego.

(As señoras e señores deputados, postos en pé, cantan o himno galego.) (Aplausos.)

Remata a sesión ás doce e trinta minutos do mediodía.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Mª Carmen	(S)
2.- Adán Villamarín, Mª do Carme	(BNG)
3.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(P)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(P)
6.- Baltar Blanco, José Manuel	(P)
7.- Barcon Sánchez, Mª del Mar	(S)
8.- Barreiro Fernández, José Manuel	(P)
9.- Bernardo Tahoces, Angel	(P)
10.- Blanco Álvarez, Fernando Xabier	(BNG)
11.- Blanco Parga, Carlos Fernando	(BNG)
12.- Bugallo Rodríguez, Ánxela	(BNG)
13.- Burgo López, Mª de la Concepción	(S)
14.- Cajide Hervés, Mª del Carmen	(S)
15.- Calvo Pouso, Diego	(P)
16.- Castelao Bragaña, José Manuel	(P)
17.- Castiñeira Broz, Jaime	(P)
18.- Castro García, Roberto	(P)
19.- Cerdido Pintos, María Marta	(P)
20.- Cerviño González, Francisco	(S)
21.- Cuiña Crespo, José	(P)
22.- da Silva Méndez, María Carme	(BNG)
23.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)
24.- Fervenza Costas, José	(P)
25.- Fraga Iribarne, Manuel	(P)
26.- Gallego Calvar, Carmen	(S)
27.- Gallego Lomba, José Manuel	(S)
28.- Gómez Alonso, Alejandro	(P)
29.- González Méndez, Mª Amparo	(P)
30.- Lage Tuñas, José Manuel	(S)
31.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
32.- López Abella, María Susana	(P)
33.- López Besteiro, Manuela	(P)
34.- López Rodríguez, Dámaso	(P)
35.- López Veiga, Enrique César	(P)
36.- López Vidal, Pablo Xabier	(S)
37.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(P)
38.- Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)
39.- Mato Otero, Beatriz	(P)
40.- Meijón Couselo, Guillermo Antonio	(S)
41.- Méndez Romeu, José Luis	(S)
42.- Miras Portugal, Aurelio Domingo	(P)
43.- Negreira Souto, Carlos	(P)
44.- Núñez Feijoo, Alberto	(P)
45.- Orza Fernández, José Antonio	(P)
46.- Palmou Lorenzo, Xesús	(P)
47.- Paz Antón, Xosé Ramón	(BNG)
48.- Paz Franco, Mª Tereixa	(BNG)
49.- Pérez Ares, César Augusto	(P)
50.- Pérez Herráiz, Margarita	(S)
51.- Pérez Touriño, Emilio	(S)
52.- Pita Varela, Jaime Alberto	(P)
53.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
54.- Pose Mesura, Modesto	(S)
55.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
56.- Rego González, Ismael	(S)
57.- Rodríguez Arias, Marta	(P)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(P)
59.- Rodríguez Miranda, Antonio	(P)
60.- Rojo Noguera, Pilar	(P)
61.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(P)
62.- Salgado Núñez, Carmen Janet	(P)
63.- Santalices Vieira, Miguel Angel	(P)
64.- Seara Sobrado, Laura Carmen	(S)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(S)
66.- Soneira Tajés, Mª Soledad	(S)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(P)
68.- Tabares Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
69.- Tojo Ramallo, Luis María	(S)
70.- Tomé Roca, José	(S)
71.- Valladares Rodríguez, Mª Luisa	(P)
72.- Varela Sánchez, Ricardo Jacinto	(S)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	(S)
74.- Vega Buxán, María Xosé	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Mª Dolores	(S)

**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA**

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES
9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490